

Semana do 4 ao 8 de maio

Esta semana seguiremos facendo algúns exercicios dos libros e algunha ficha.

Matemáticas: Das páxinas 120 ata a 130 (signos < e >, problemas, gráficos e actividades de repaso). Nas páxinas 126 e 127 cada un vai resolver o seu, pois non podemos facelo en grupo.

Estrelamar: Páxinas 86 e 87 de repaso. Despois pide axuda a un maior para que vos lea a lectura "O pequeno dragón", que vai impresa neste documento coas fichas de imprimir. Logo lede vós o resumo da páxina 91 do libro e facedes as actividades das páxinas 92 e 93.

Lengua castellana: Ficha de comprensión lectora e fichas de repaso.

CC.SS.e CC.NN.: Fichas de reforz e ampliación.


Tamén imos xogar un pouquiño todos xuntos. Na seguinte imaxe hai personaxes de debuxos animados moi coñecidos. Propoñévosvos que entre toda a familia descubrades a quen se refire cada silueta. A finais da semana poñeremos aquí as solucións para que comprobades as vosas respostas. Esperamos que vos guste.

Un saúdo das vosas profes.




Nome _____

1 Ordena a secuencia e completa.



As plantas son porque

2 Que necesita unha planta para vivir? Escribe.



3 Completa o debuxo anterior con estes elementos.


- As raíces da árbore.
- Un caracol no tronco.
- Unha bolboreta nas follas.
- Un paxaro nunha póla.
- Un verme nunha froita.

Nome _____

1 Como se desprazan? Une.

- | | |
|------------|-----------|
| A cegoña • | • nada. |
| A balea • | • reptar. |
| A serpe • | • corre. |
| O rato • | • voa. |

2 Que significa reptar? Explica.



Reptar é _____

3 Marca e completa.

As persoas somos...

herbívoras carnívoras omnívoras

porque _____

ovíparas vivíparas

porque _____

O terrible dragón



Hai moitos, moitos anos, nun afastado reino vivía nunha cova aos pés da montaña e a carón dun río un horrible dragón. Unha noite á semana, aquela fera saía da súa cova e ameazaba os habitantes das aldeas e vilas próximas. Achegábase aos lugares habitados e devoraba os animais e as persoas que atopaba. Por iso a xente daquel reino tiña que ser moi precavida e agacharse ben durante as noites en que o dragón saía da súa morada. Sobre todo debían protexer ben aos nenos e ás nenas porque os cativos eran a comida preferida do dragón.

Pero iso non era todo: cando o dragón saía e non atopaba ningunha vítima despistada á que poder papar, entón enfurecíase de tal xeito que comezaba a lanzar tremendas lapas de lume pola boca. Deste xeito ía arrasando campos de cultivo e bosques. Colleitas de trigo, de millo,

de patacas... quedaban destruídas e a xente tiña cada vez menos alimentos.

O rei sentíase moi preocupado pola trágica situación que estaba a vivir o seu pobo. Decidiu enviar mensaxeiros por todos os reinos coñecidos anunciando unha boa recompensa para aquel que matase o dragón. Os máis valentes cabaleiros acudiron para intentar vencelo, pero ningún deu acabado con el. Pasaba o tempo e cada vez quedaban menos cabaleiros para se enfrontar á terrible fera.

Unha fría mañá, presentouse no palacio un mozo que era campesiño. Ía vestido coa súa humilde roupa e cun arco e unhas frechas que el fabricara coas súas mans. O mozo ofreceuse perante o rei para matar o dragón! Ao velo, os nobres do palacio burláronse:

–Como vai este campesiño de roupa remendada enfrontarse ao dragón? Se nin sequera ten unha espada nin un escudo. Acabará servíndolle de merenda.

E era certo, porque o campesiño non posuía espada nin armadura de cabaleiro. Pero aquel mozo era tamén moi listo e tiña un plan pensado do que ninguén sabía.

–Para levar a cabo a miña misión só preciso unha boa ovella para poder facer un asado.

Todos os presentes no salón real riron da ocorrencia daquel mozo. A única que non o fixo foi a raíña, pois pareceulle que aquel campesiño era moi decidido e valente. Así que lle ordenou ao cociñeiro do palacio que lle entregase ao campesiño unha ovella das que tiña na despensa para preparar o xantar.

O primeiro que fixo o campesiño foi marchar coa ovella para a súa casa. Abriuna e encheulle o bandullo dunha masa feita de especias moi, moi picantes. Despois coseuna con moito xeito e asouna con herbas aromáticas por fóra.

Cando se fixo noite e o ceo quedou estrelado, o campesiño colleu a ovella asada e, guiado pola luz da lúa, dirixiuse silandeiamente ata onde estaba a morada do dragón. Alí, diante da cova, deixou o asado e despois foise agachar tras unha matogueira esperando a que o dragón saíse atraído polo recendo do asado.

Así foi. De alí a un pouco apareceu o dragón e atopou o que lle pareceu unha ovella durmida sobre a herba. Pensando que se trataba dun agradable regalo, tragouna dun só bocado. Cando o asado coas especias picantes chegou ao seu estómago foi coma se lle prendese lume nel e empezou a sentir unha tremenda sede. O fero animal achegouse correndo ao río, para calmar aquel ardor que sentía dentro de si.

Bebeu e bebeu e bebeu... A gorxa e o estómago ardíanlle tanto que case tragou a metade da auga do río intentando que lle pasase. Pero, por máis que bebía, non daba calmado aquel ardor e comezou a inchar e inchar ata que acabou estoupando, formando sobre o ceo unha chuvia de escamas de cores.

Así foi como un humilde campesiño liberou aquel reino das garras do dragón. Na corte organizouse unha fabulosa festa na súa honra e o rei ofreceulle ao humilde campesiño un traballo como conselleiro seu.

Baseado nunha LENDA POLACA





bre bri bra bro bru

- 1 Completa con *bra, bro, bri, bro*. Después, copia.



fá ca



lie



ce



cha

- 2 Rodea y copia las palabras con *br*.

A Bernabé le gustan las bromas.
 Hoy se vistió de bruja, con un
 sombrero de pica y un abrigo
 con bordados brillantes.





ble bli bla blo blu

• • • • •

1 Escribe donde corresponda.

Anabel parte la tabla.

Blanca dobla la blusa.

Blasa enchufa el cable.







2 Observa, completa y copia.

blanco

El coche es



blando

El colchón es





pla plo plu ple pli

1 Escribe cada palabra en su lugar.

playa

cantimplora

pulpo

planeta









2 Completa y copia.

planta

plumero

pulgones

Mi



tiene



Los quito con un






Nombre: _____

Fecha: _____

Vamos a hacer galletas



Lee en silencio y con atención el siguiente texto.

- Hoy no hace día de salir fuera –dijo la Mamá de Oliver.- Hace frío y llueve, es un buen día para cocinar.
- ¿Y qué vamos a cocinar? –preguntó Oliver.
- Galletas –dijo Mamá-. Ven conmigo a la cocina.

En medio de la mesa había una ensaladera amarilla. Mamá sacó del armario las cosas de cocinar.

- ¿Qué vamos a poner en las galletas? –preguntó Oliver.
- Primero mantequilla – dijo Mamá.
- Y azúcar.
- ¿Puedo dar vueltas yo?
- Sí –dijo Mamá.

Oliver se puso a remover.

- Ahora necesitamos un huevo –dijo Mamá.

Oliver mezcló el huevo hasta que desapareció la yema.


- Y la harina, claro –dijo Mamá.

- Una taza de harina y un poco de levadura –dijo Mamá.

Oliver dio vueltas y vueltas. La harina salpicó la mesa. La harina salpicó a Oliver.

- ¡Esto es muy difícil! –dijo Oliver.

- Sí –dijo Mamá-, pero me estás ayudando muy bien.



Contesta a las siguientes preguntas.

1. ¿Por qué la mamá de Oliver no lo deja salir fuera de casa ese día?

2. ¿Qué hacen entonces? _____

3. Subraya las cosas que haces tú los días en que no puedes salir a la calle porque llueve:

- Veo la televisión.
- Juego con mi hermano o mi hermana.
- Hago fichas o dibujos.
- Ayudo a mi padre.
- Leo cuentos.
- Ayudo a mi madre.

4. ¿Qué van a cocinar Oliver y su madre? _____

5. ¿Quién crees que cocina? _____

¿Quién le ayuda? _____

6. ¿Qué va mezclando Oliver primero en la ensaladera amarilla?

7. ¿Cuándo surgen los problemas? _____

8. ¿Qué ocurrió? _____

¿Por qué? Subraya lo que crees que ocurrió.

- Porque se le escapó la cuchara.
- Porque le dio vueltas muy deprisa.
- Porque la ensaladera era muy pequeña.

9. ¿Le parecía fácil a Oliver hacer galletas? _____ ¿Por qué?

10. ¿Le regañó su madre a Oliver porque estaba salpicando todo?

11. ¿Crees que su madre está contenta? _____ ¿Por qué?

12. ¿Ayudas tú alguna vez a tu madre? _____ ¿Cómo?

13. ¿Alguien más en tu casa ayuda a tu madre? _____
¿Quién? _____

14. Dibuja y colorea a Oliver y a su mamá.

